

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de xullo de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(966).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 22 e 26 de xuño de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(967).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS DE ASESORÍA XURÍDICA.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O 562/2006. Demandante: UTE ELOYMAR-TRANVIAS de VIGO. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O 361/2006 Demandante: GIMNASIOS PAZOS, S.A. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación económica do 21/02/06 sobre salarios, facturas por reparacións e programa “noites vivas” . Estimación parcial.

Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4092/2008 interposto por GIMNASIOS PAZOS S.A. contra a devandita sentenza. Desestimado.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 2/09 P.A. Demandante: Dª Mª CARMEN SAENZ ALONSO. Obxecto: Resolución do 21/10/08 (reposición) e 17/06/08 por sanción de tráfico. Expte.: 078658669. Desestimado o recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 255/08 P.A. Demandante: D MANUEL BUENO HEREDIA. Obxecto: Desestimación “presunta” de escrito de 20/05/08. Reclamación retribucións en período de ILT, 4 anos. Desestimado o recurso.

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 337/08 P.A. Demandante: Dª NURIA USERA FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolucións do 30/09 e 11/08/08. Sancións tráfico, non identificación condutor. Expte.: 088647316-(078728252). Desestimado o recurso.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O 251/2005. Demandante: AUTOS GONZALEZ, S.L. Obxecto: Desestimación presunta de solicitude do 31.05.05 sobre prolongación de hora de transporte urbano a Chapela. Desestimado o recurso.

Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº. 4674/2007 interposto por AUTOS GONZALEZ contra a antedita sentenza. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 466/08 p.a. Demandante: Dª Pilar Montes Anillo. Obxecto: Resolución do 25/04/08, sobre reclamación patrimonial. Desestimado o recurso.

h) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 104/09 p.a. Demandante: “ZUBELDIA RENT, S.L.” Obxecto: Execución de acto da XGL 29.05.06. Caída dunha árbore en Samil o 15 xuño 2003 (Expte.184/243). Desestimento da autora.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 40/09 p.a. Demandante: Dª María José Domínguez Loureiro. Obxecto: Resolución do 07.01.09, sanción de tráfico (expte.: 088792160). Desestimado o recurso.

- k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 82/2008. Demandante: M^a CARMEN LORENZO RODRIGUEZ. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 09/06/2007 (e expresa do 04/03/09) de reclamación patrimonial. Estimado parcialmente.
- l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O 290/2007. Demandante: D^a. MARIA ADELAIDA MARTINS OLIVEIRA. Obxecto: Resolución da Xunta de Goberno Local do 26.06.06 sobre reclamación patrimonial (Expte. 890-243). Estimado o recurso.
- m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 302/2008. Demandante: D. Francisco González González. Obxecto: Resolución do 23.05.07. Sanción de tráfico (expediente: 078668330). Estimado o recurso.
- n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 45/09 Demandante: D. JOSE MARIA FONSECA MORETON. Obxecto: Resolución 16.12.2008 (reposición) e 21/10/08 sanción de tráfico (expte. 088648716). Desestimado o recurso.
- o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 73/2009. Demandante: D. MANUEL GARCÉS PALADÍN. Obxecto: Acta do 27.01.09. Sanción de tráfico (expediente: 088760315). Estimado o recurso.
- p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 303/08. Demandante: D^a. M^a ANGELES GARRIDO DOMINGUEZ. Obxecto: Acto do 05.05.08 que desestima reclamación en promoción interna a cabos Policía Local, OEP 2005. Desestimado o recurso.
- r) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 226/2008. Demandante: D. MANUEL BUENO HEREDIA. Obxecto: Desestimación “presunta” de escrito de 10/03/08, solicitando percibir como retribucións fixas e periódicas (inclusión no complemento específico) as gratificacións por horas extras, nocturnidade, festividade, ... nos periodos de baixa laboral. Desestimento do actor.
- s) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 44/2009. Demandante: D. JOSÉ C. EXPÓSITO GIL. Obxecto: Resolución do 02/12/08 (reposición) e 9/09/08, sanción de tráfico (expte: 088706160). Desestimado o recurso.
- t) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 228/2008. Demandante: D. JUAN ALBERTO ALVAREZ SALVADOR. Obxecto: Resolución do 14.04.08 da concelleira-delegada de Facenda. Solicitud de revisión de sanción e execución forzosa. Inadmisión por non esgotamento da vía administrativa.

Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 15014/2009 interposto por D. JUAN ALBERTO ALVAREZ SALVADOR contra a devandita sentenza. Estimado o recurso.

u) Auto do Tribunal Supremo no rec. Casación nº 8/5136/2006 interposto por SUMINISTRO DE LA INDUSTRIA DEL AUTOMOVIL, S.A. contra sentenza do TSXG no RC-A nº P.O 02/4353/2002. Obxecto: Desestimación “presunta” da reclamación patrimonial (expte.14450/240). Inadmisibile o recurso casación.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(968).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE LA OREJA DE VAN GOGH PARA AS FESTAS DE VERÁN 2009. EXPTE. 3226/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 8.06.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, de data 26.06.09, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de LA OREJA DE VAN GOGH, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2009, o día 29 de xullo ás 23:00 horas, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 63.800,00 euros (IVE incluído) con cargo á partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a MEDIA ARTICKET.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

4º.- Aprobar os prezos de 10 euros como venda anticipada e de 12 euros como venda en taquilla para as 4.000 entradas que o Concello porá á venda e das que será o único beneficiario.

4(969).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A

ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS “VENTE CON NÓS” E “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO” RELATIVOS Ó ANO 2009. EXPTE. 3076/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.06.09, o informe de fiscalización do 7.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Animación Sociocultural, do 29.05.09, conformado polo xefe de dito Servizo e polo concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para o desenvolvemento dos programas “VENTE CON NOS” e “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO”..

2º.- Facultar ó concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 15.000 .-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo a partida 4512.489.0010 do programa orzamentario do servizo de Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS PARA A ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS “VENTE CON NOS” E “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Roberto Giráldez Barbeitos con D.N.I. nº 76.911.826-X , como presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais C.I.F. nº 36.791.291 e enderezo social na rúa Ecuador, nº 34 local baixo Vigo-Pontevedra, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3076-335

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Agrupación de Centros Deportivos e Culturais ten como fin, segundo os seus estatutos os de: representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas , tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carater lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puideran verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades.

II.- Que o obxecto do presente convenio é o desenvolvemento dos programas “VENTE CON NOS” e “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO”. O proxecto “Vente con nos” desenvolve un circuito de actuacións polos barrios de termo municipal de Vigo no que participan vintenove grupos de música, danza e canto tradicional galego pertencentes as doce entidades da agrupación. O proxecto “Semana do Teatro Afeccionado” é un programa de catro actuacións teatrais no que participan catro grupos de teatro afeccionados pertencente á Agrupación de Centros Culturais. As catro actuacións esta previsto que se realicen no auditorio municipal do Concello de Vigo.

III.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar a danza, música e canto tradicional, así como o teatro entre toda a cidadanía especialmente nos distintos barrios do termo municipal.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0010, prevé a concesión dunha subvención por importe de 15.000 €, a favor da Agrupación de Centros Culturais CIF G-36.791.291 para o desenvolvemento dos programas “Vente con Nos” e “Semana de Teatro afeccionado”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público xa que achega o teatro, a danza, a música e o canto tradicional galego aos distintos barrios do termo municipal de Vigo.

Os programas “VENTE CON NOS” e “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO”, foron creados e rexistrados pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais no ano 2001. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Estas circunstancias impiden promover concorrencia pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento dos programas “VENTE CON NOS” e “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO”, que se desenvolverá principalmente nos distintos barrios do termo municipal de Vigo.

V.- Que a Agrupación de Centros deportivos e Culturais non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3076-335.

VI.- Que o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros deportivos e culturais veñen asinando dende o ano 2004, convenios de colaboración para desenvolver estes proxectos, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas partes.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Agrupación de centros deportivos e culturais de Vigo, o

Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Agrupación de Centros Deportivos e Culturais comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo en canto ao desenvolvemento dos programas “VENTE CON NOS” e “SEMANA DO TEATRO AFEECCIONADO”, e, concretamente, a:

1.- Cumprir os programas obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado e que figuran como anexo II.

- a) No programa “Vente con nos” participarán vintenove grupos pertencentes a doce entidades detallados no proxecto. O número total de actuacións con cargo ó presente convenio será de corenta, cun mínimo de tres actuación por cada entidade.*
- b) As contías que se establecen por actuación e grupo, a proposta da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, son as seguintes:*

CATEGORIA A: (300 €/ actuación)

Grupo de Baile: “Andarela”

Grupo de Baile: “Froles Novas”

Grupo de Baile: “Atlántida de matamá”

Grupo de Baile: “Lembranzas Galegas”

Grupo de Baile: “Helios de Bembrive”

CATEGORIA B: (250 €/actuación).

Grupo de Baile: “Becerreira-Cabral”

Grupo de Baile: “O Coto”

Grupo de Baile: “Os ventos de Comesaña”

Grupo de Baile: “Crac de Coruxo”

CATEGORIA C: 200 €/actuación.

Grupo de Baile: “Rueiro”.

GRUPO DE GAITAS: (175 €/actuación)

Grupo de Gaitas “Os trasnos da Gaita”

OUTROS FOLCLORES: (150 €/actuación)

Danzas do mundo “Monteira”.

- c) No programa “Semana do Teatro Afeccionado” o total de actuacións será de catro no que participan catro grupos de teatro afeccionados.
A contía que se establece por actuación e grupo é de 1.000 €.*
 - d) Nestas cantidades enténdense incluídos tódolos gastos que se deriven da actuación dos grupos (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras...).*
 - e) O importe do programa “Vente con nos” ascende a 15.000 € correspondendo:9.675 € as corenta actuacións do programa “Vente con nos”; 4.000 € ás actuacións do “Semana do Teatro Afeccionado” e 1.325 aos gastos de coordinación da Agrupación.*
- 2.- As corenta actuacións previstas para o programa “Vente con nos” distribuiranse do seguintes xeito:*
- a) 22 actuacións para atendelas solicitudes de asociacións ou entidades da cidade (quedan excluídas a comisións de festas). (Segundo o modelo do anexo I)*
 - b) 15 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo.*

c) 3 actuacións de libre disposición para actos organizados pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais.

3.- A agrupación de Centros deportivos e Culturais se compromete a asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se incluen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.

4- Se compromete a cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

5.- Xestionará e aboará os dereitos de autor que se xeren como consecuencia da programación da "Semana do Teatro Aficionado".

6.- Terá que asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

7- Se compromete ademais, a editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

8- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

9.- A Concellería de Cultura e Animación Sociocultural comunicará a Agrupación os lugares, datas e horas das actuacións de cada grupo. Se a data estivera dispoñibles, o grupo quedará automaticamente comprometido co Concello de Vigo para súa actuación. Se a data estivese comprometida previamente, o grupo terá que acreditar o compromiso na citada concellería nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización. Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellería de Animación Sociocultural non será aboada con cargo a este convenio.

10.- A Agrupación de Centros deportivos e Culturais distribuirá entre os grupos participantes o modelo de "certificacións de actuacións" que terán que ser cumprimentados polas asociacións ou entidades onde realicen as actuacións.

11.- Pola súa banda os grupos participantes nos programas terán que asumir os seguintes compromisos:

- a) Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir a actuación e incluír o logotipo da Concellería de Animación Sociocultural naquel que edite a propia entidade.
- b) Entregar á Agrupación de Centros deportivos e Culturais as "certificación de actuación", que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.

- c) *Terán que comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*

12- Aquelas entidades que soliciten a realización de actuacións e que sexan finalmente programados pola Concellaría de Animación Sociocultural, deberán asumir os seguintes compromisos:

- a) *Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo da Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural naquel que edite a propia entidade.*
- b) *Xestionar e aboar o importe correspondente ós dereitos de autor derivados da actuación do grupo*
- c) *Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, indicando as posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado."*
- d) *Presentar a actuación , facendo unha mención breve ao historial do grupo, repertorio a executar, e entidades que colaboran para a programación do concerto.*

13.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuito, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste convenio corresponderalle á Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural, en coordinación coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais. Non poderán solicitar as anteditas actuación as comisións de festas para festas patronais. As actuacións distribuiranse atendendo aos criterios a súa dispoñibilidade, a orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello e a un criterio de distribución territorial polos barrios e parroquias de Vigo.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Programar as datas e lugares das actuacións, segundo os criterios estipulados na cláusula primeira 13ª .

2.- Comunicarlle á agrupación os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais para as actuación solicitadas polas entidades ou asociación de 5 días naturais para actos oficiais.

3.- Realizar a difusión aos medios de comunicación da información acerca das actuacións programadas.

4.- Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas para a actividade a desenvolver e consensuadas cos propios grupos implicadas ou en todo caso coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Neste sentido, evitárase realizar actuacións ó aire libre en zonas peonís, salvo expresa autorización por escrito do Concello. En todo caso, deberase respectar a normativa relativa á protección contra a contaminación acústica.

5.- Conceder directamente á entidade Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, unha subvención por importe de 15.000 € para o desenvolvemento dos programas “VENTE CON NOS” e “SEMANA DO TEATRO AFECCIONADO” .

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo aboará a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais a cantidade estipulada na cláusula segunda 6ª que ascende a 15.000 € (quinze mil euros).

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- *Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*
- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de animación Sociocultural do Concello de Vigo. E disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura. De non existir denuncia expresa prorrogar a vixencia por períodos anuais, previa solicitude de prórroga da entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan. A efectividade das prórrogas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo oitavo.- O Concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

5(970).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2021/03, 4/2435; DENEGACIÓN EXPTE. 2260/12.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Evaristo Rodríguez Franjo. Expte. 2021/03.
- D. Ramón G. Martínez Martínez. Expte. 2435/04.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Isolina González Otero. Expte. 2260/12.

6(971).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE ABRIL, MAIO, XUÑO DE 2009. EXPTE. 45912/301.

Mediante providencia de data 3.07.09, a concelleira delegada da Área de Benestar Social, en cumprimento coa base 31^a das de execución do presuposto en Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de abril-maio-xuño de 2009, que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 3130 / abril-maio-xuño de 2009

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
03/04/09	GASTOS EMISIÓN E COMISIÓN TARXETAS BONO-TAXI	2270600	200900017700	4.200,00	CAIXAGALICIA
25/06/09	OBRAS UBAS CASCO VELLO	2120000	200900036032	10.853,88	CONSTRUCCIONES SITO Y FDEZ, S.L.
01/06/09	MATERIAL ORDINARO NON INVENTARIABLE	2200000	200900030592	2.000,00	VARIOS
04/06/09	ADQUISICIÓN XARDINEIRAS E TESTOS HUMANIZACIÓN LOCAL R/QUINTELA	2210900	200900030908	2.375,40	FLORES Y PLANTAS VALLE FRAGOSO
16/06/09	ADQUISICIÓN EXTINTORES	2210900	200900033856	1.090,40	EXTINTORES MARINEX, S.L.
03/04/09	PUBLICIDAD PROGRAMA AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES	2260200	200900017693	10.574,88	BOCA A BOCA DISEÑO Y COMUNICAC
08/04/09	PROGRAMA BALNEARIOS DA DEPUTACIÓN	2260801	200900018384	12.800,00	VIAJES IBERIA, S.A.
17/04/09	CLASES DE DANZA MAIORES	2260801	200900019730	7.584,55	WEMCESLAO CABEZAS DEL TORO

S.ord. do 13.07.09

08/05/09	TALLER DAZNAS DO MUNDO	2260801	200900024568	3.022,75	VICTOR GLEZ ROMERO
08/05/09	TALLER RISOTERAPIA	2260801	200900024577	2.475,00	M. PILAR LORENZO REPRESAS
08/05/09	TALLER MUSICOTERAPIA	2260801	200900024578	4.189,92	SABELA OCIO, S.L.
04/06/09	TALLER DE TAICHI	2260801	200900030881	1.890,00	FRANCISCO JA. IGAL
04/06/09	TALLER MOVIMIENTO E RELAXACIÓN	2260801	200900030910	855,00	SANDRA GRACIELA VERBA SZERMAN
30/06/09	TALLER INTERXENERACIONAL	2260801	200900037408	600,00	FRANCISCO JA. IGAL
30/06/09	TALLER INTERXENERACIONAL	2260801	200900037409	1.720,00	VICTOR GONZALEZ
30/06/09	CONTRATACIÓN SERV. MEGAFOCIA	2270600	200900037415	406,00	SONIDO COLLAZO, S.L.
20/04/09	TALLER EDUCACION PARA A SAUDE	2270608	200900020761	18.000,00	ASOC. MADRO
27/04/09	TALLERES REINSERCIÓN SOCIAL	2270608	200900022183	18.000,00	ASOC. MADRO
04/05/09	STANS INFORMATIVOS PLDA XORNADAS MOCEAN-DO	2270608	200900023675	1.000,00	VARIOS
08/05/09	OBRADOIRO PREVENCIÓN	2270608	200900024581	7.400,00	ASOC. ERGUETE
08/05/09	PROXECTO CREATIVE	2270608	200900024583	17.900,00	ALBORADA
25/05/09	CONTACTO CON CENTROS ESCOLARES	2270608	200900028605	440,80	KARMA, S.L.
16/06/09	CHARLAS COLOQUIO PREVENCIÓN	2270608	200900033855	360,00	ASOC. ERGUETE
21/04/09	LIMPEZA INSTAL. RECURSO EMERXENCIA TEMPORAL PARA DURMIR	2270609	200900020825	6.879,00	GALESERGA SERVICIOS GENERALES DE GALICIA, S.L
04/05/09	SERVIZO LAVANDERIA	2270609	200900023084	5.235,80	GALESERGA SERVICIOS GENERALES DE GALICIA, S.L
18/05/09	CAMPAÑA DE BOA MAN	2270609	200900027063	8.966,80	ITRES DESARROLLOS PUBLICITARIOS
25/05/09	ATENCIÓN PSICOSOCIAL ENFERMOS DE CANCRO	2270609	200900028573	9.000,00	ASOC. AECC
24/06/09	CONTROL INSTAL, LIMPEZA, LAVADO ROUPA RECURSO EMERXENCIA TEMP. PARA DURMIR	2270609	200900035417	8.242,96	FABRICACIONES GALLEGAS UG, S.L.
02/04/09	PROXECTO ACOLLIDA INTEGRACIÓN SOCIAL	2270617	200900017515	18.000,00	CIDALIA CONSULTORIA
01/06/09	TRASLADOS BUS, X PLENO INFANTIL	2270618	200900030282	337,05	AUTOCARES IGLESIAS
01/06/09	REPORTAXE FOTOGRÁFICO X PLENO INFANTIL	2270618	200900030355	1.009,20	ITRES PUBLICIDAD
01/06/09	CAFÉS, X PLENO INFANTIL	2270618	200900030416	432,50	TAHONA
04/06/09	MOBILIARIO UBAS COIA	6250000	200900030915	12.000,00	TECAM OFICINAS, S.A.
06/04/09	FEIL ELIMINACIÓN BARREIRA ARQUITECTÓNICAS, DIRECCIÓN OBRA	6320001	200900018273	20.856,80	BESADA Y FAILDE
06/04/09	FEIL ELIMINACIÓN BARREIRA ARQUITECTÓNICAS, COORD Y SEGURIDAD	6320001	200900018274	12.600,50	ADEGA DA COSTA GONZALEZ
06/04/09	FEIL ELIMINACIÓN BARREIRA ARQUITECTÓNICAS, DIRECCIÓN EXEC MATERIAL OBRA	6320001	200900018275	20.787,20	ANA CASTRO ALONSO

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(972).- SOLICITUDE DO CLUB “VIEJA ESCUELA ROLLER” DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO VIGUÉS IN-LINE O DÍA 19.07.09 NO MONTE DO CASTRO E PISTA PATINAXE SAMIL. EXPTE. 8652/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 8.07.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club “Vieja Escuela Roller” a organizar o vindeiro sábado 18 de xullo e o domingo 19 de xullo de 2009, o CAMPIONATO VIGUÉS IN-LINE, dita competición de patíns en linea está previsto que se leve a cabo na pista de patinaxe do Monte do Castro e na pista de patinaxe de Samil.

8(973).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE VIGO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da director de Ingresos, do 19.06.09, que di o seguinte:

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar (en diante SAF) no Concello de Vigo.

A presente modificación consiste en adaptar a ordenanza fiscal vixente ao disposto na lexislación sectorial de ámbito estatal e autonómico:

- a) Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia (BOE nº 299 de 15-12-2006) e normativa estatal de desenvolvemento.*
- b) Normativa de carácter autonómico, constituída pola lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, Decreto 176/2007, de 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, Orde de 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración de programa individual de atención (PIA), fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas e pola Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar.*

En terminos de carga fiscal, a proposta de modificación implica unha minoración daquela porque as aportacións económicas dos usuarios, respecto da ordenanza vixente, diminúen, se ben, en contía variable segundo o tramo de “capacidade económica no que se atope a persoa usuaria”. Na ordenanza vixente estaban exentas de pagamento as persoas usuarias ata 469,70 € de renda per capita,

mentres que na proposta de modificación a exención abrangue ata os 527,34 €, o que significa un incremento do mínimo exento dun 12,25%. No primeiro tramo de capacidade económica non exenta o importe da taxa é o 10% do custe do servizo, que ten o carácter de contía mínima na normativa autonómica de aplicación.

A tarifa hora que se propón no artigo 4 da ordenanza continúa tendo carácter progresivo, se ben, se modifican os tramos de capacidade económica para adaptar a escala ao disposto no artigo 18 da Orde da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar (SAF):

“a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 10% e un máximo do 20% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda o 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 21% e un máximo do 60% do custo do servizo.

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 61% do custo do servizo e un máximo do 65% do custo do servizo.”

A presente modificación axústase ó disposto en materia de taxas, nos artigos 20 a 27 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e, en particular ó artigo 24.2 segundo se desprende do informe económico que se achega.

O expediente deberá ser tramitado conforme ós artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais e preceptos concordantes da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos, de conformidade co artigo 127.1a) da Lei 7/85 de 2 de abril de Bases de Réxime Local presenta á Xunta de Goberno Local o seguinte proxecto de modificación de ordenanza fiscal, previo dictame do Tribunal Económico Administrativo do Concello, de conformidade co artigo 137 do mesmo texto legal, nos termos que se expresan na seguinte proposta.

No caso de ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, procederá a súa inclusión na sesión correspondente da Comisión de Xestión Municipal para aprobación polo Excmo. Concello Pleno de conformidade co disposto no artigo 123 da citada Lei 7/85.

PROPOSTA

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE VIGO.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constituirá o feito imponible desta taxa a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento destas taxas quen se beneficien da prestación do SAF prestado polo Concello de Vigo en función da súa capacidade económica. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Agás o disposto no artigo 4 seguinte e normas con rango legal ou tratados internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nestas taxas.

ARTIGO 4. COTAS

Tomando como referencia do custe do servizo o importe de 13,32 €/hora, a contía a pagar polas persoas usuarias virá determinada pola súa capacidade económica segundo se establece nos apartados seguintes do presente artigo.

1. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias:

a) Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

b) A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención á súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

c) A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

d) No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ambos os dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella.

e) A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co número anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

f) Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

g) As entidades locais titulares do servizo establecerán os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

2. Os criterios de participación no financiamento do custo do SAF por parte dos suxeitos pasivos serán os seguintes:

a) Para usuarios/as da Modalidade “A” (persoas e/ou familias, que sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal e/ou familiar se encaixe nun marco de problemáticas concretas previstas na ordenanza reguladora do servizo).

Cando se teñan en conta razóns sociais ou/e de interese público, e sempre por proposta do/a técnico/a responsable do SAF do departamento de Benestar Social, accederán en réxime de gratuidade e de forma excepcional, aqueles usuarios/as cuxa prestación do SAF fose concedida como unha medida control necesaria nos casos nos que se advirtan situacións de alto risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar (casos do Programa de intervención e tratamento familiar).

A cota tributaria por esta taxa determinarase multiplicando o número de horas de prestación do servizo pola tarifa/hora que corresponda segundo a seguinte escala que reflexa tramos de capacidade económica da persoa usuaria conforme ao regulado no artigo 18 da Orde da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar. Os importes da “capacidade económica da persoa usuaria” que figuran en cada tramo veñen establecidos no citado artigo 18 con referencia ao IPREM (Indicador de rendas de efectos múltiples).

“c. económica p.usuaria”		tarifa/hora
0	a 527,24 €	zero€
527,24€	a 790,86€	1,332€
790,87€	a 1.318,10€	1,998€
1.318,11€	a 1.581,72€	2,664€
1.581,73€	a 1.845,34€	4,662€
1.845,35€	a 2.108,96€	5,994€
2.108,97€	a 2.372,58€	7,326€
máis de	2.372,58€	8,658€

A contía da taxa que o usuario abona polo servizo modificarase anualmente de acordo ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) interanual establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo desta taxa, o servizo non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente, consonte o disposto no artigo 6.3 desta ordenanza.

b) Para usuarios/as da Modalidade “B” persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grado e nivel, ó abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e que teñen a resolución do Programa Individual de Atención (en adiante PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

A contía da taxa que deberán aboar os beneficiarios que teñan dereito á prestación deste servizo polo Concello de Vigo, como consecuencia da aprobación dun programa individual de atención (PIA) establecido no marco do procedemento de recoñecemento dunha situación de dependencia, consonte ao previsto na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e aten-

ción as persoas en situación de dependencia, virá establecida en dito programa individual de atención, segundo o disposto no artigo 8.2 da Orde de 17 de decembro de 2007, de Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar da Xunta de Galicia.

No suposto de non figurar na resolución do PIA, a determinación da achega do beneficiario ao custo do servizo, virá dada pola aplicación do establecido no apartado a) deste artigo.

ARTIGO 5. DEVENGO, PERÍODO IMPOSITIVO E INGRESO.

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza Fiscal devengarase no momento no que se inicie a prestación do SAF.

2. O período impositivo será mensual.

3. O pagamento das taxas realizarase a mes vencido por domiciliación bancaria que autorizará o/a solicitante do mesmo, por escrito, no momento da sinatura do contrato. A falta de pagamento de dúas cotas mensuais consecutivas, determinará a interrupción do servizo.

4. (se suprime)

ARTIGO 6.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

No relativo a infraccións tributarias desta Ordenanza será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1. O Concello procederá a aprobar a liquidación que corresponda, conforme ao disposto no artigo 4 e 5 desta ordenanza a efectos de determinar o importe mensual.

2. Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa liquidación da primeira mensualidade seguinte. Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende o mesmo día en que se presente a solicitude de baixa ou no que esta sexa declarada de oficio.

No suposto de suspensión temporal do servizo, a comunicación desta deberase facer con sete días naturais anteriores ao día da suspensión e excepcionalmente dous días naturais cando a causa que a orixine non sexa previsible (hospitalización, emerxencia, etc.)

3. (se suprime)

DISPOSICIÓNS FINAIS

1ª. No non previsto nesta Ordenanza Fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Tableiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta a súa conformidade ó precedente informe-proposta.

9(974).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA. EXPTE. 10410/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da administrativa do Servizo de Contratación, do 6.07.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Newlink Mc Kinney-Pascual S.L . o procedemento aberto para a contratación dos servizos de execución do programa de inmersión en Lingoa Inglesa (expte 10410-332) por un prezo total de 595.000 euros. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 04-05-2009 e a oferta presentada.

10(975).- ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 75939/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 17.06.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Desguaces Mingos, S.L.o alleamento da seguinte chatarra:

- Por un prezo de 2600 euros o lote de 48 vehículos
- Por un prezo de 3100 euros o lote de 61 vehículos
- Por un prezo de 1500 euros as 50 Tm de restos de vehículos,
- Por un prezo 1000 euros os vehículos do parque móbil.
- Por un prezo de 80 euros tm a chatarra de ferro
- Por un prezo de 600 euros tm os de retais de cable aillado
- Por un prezo de 360 euros tm os de retais de cable de aluminio.

11(976).- EXPEDIENTE PARA O ALLEAMENTO DE 65 VEHÍCULOS PARA CHATARRA DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 2822/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 30.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 65 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprilas seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

12(977).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das Oficinas Técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a SIELVIGO S.L. a fianza de 4.000 € constituída para responder da “instalación de iluminación artística na Igrexa de Santiago de Vigo” xa que foi recibida mediante acta de 11.04.08 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2797/241.

B) Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. a fianza de 2.119,60 € constituída para responder da “reparación da pasarela metálica da Avda. Castelao” xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2622/241.

13(978).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DOS TRABALLOS DE “REMODELACIÓN DA OFICINA DE CULTURA DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 11691/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 26.06.09, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 25 de xuño de 2009 o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural resolveu adxudicar a Ofigal S.L as obras de remodelación da oficina de cultura do Concello de Vigo por un prezo total de 57.986,92 € IVE incluído.

A Xunta de Goberno Local acordou nomear a D. Juan Luis Piñeiro Ferradáns, arquitecto municipal da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para desenvolver a labor de coordinación e supervisión técnica dos traballos de “remodelación da oficina de Cultura do Concello de Vigo”.

D. Óscar Valverde Carnicero, arquitecto técnico colexiado VR-684, en representación de Ofigal S.L presenta e asina o “Plan de seguridad y salud en el trabajo, reforma interior de oficina, planta 1ª del edificio del Concello de Vigo”, adecuado á execución dos traballos, segundo o establecido no artigo 7 do R.D. 1627/1997 de 24 de outubro, polo que establécense disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras en construción (B.O.E. 25.10.97), o devandito plan analiza, estuda, desenvolve e complementa as previsión do Estudio en función do propio sistema de execución da obra, segundo establece o apartado 1 do art. 7 do R.D. 1627/97.

Este plan esta rubricado favorablemente en xuño de 2009 por D. Óscar Valverde Carnicero, arquitecto técnico colexiado VR-684, en representación de Ofigal S.L, que estará en todo momento na obra e se axusta ao estipulado na lexislación vixente.

Visto o informe anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde dos traballos de “remodelación da oficina de Cultura do Concello de Vigo”, por D. Juan Luis Piñeiro Ferradáns, arquitecto municipal da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, coordinador de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(979).- NOMEAMENTO DE COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN TÉCNICA DA DIRECCIÓN DE OBRA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE “REMODELACIÓN DA OFICINA DE CULTURA DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 11690/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 26.06.09, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, que di o seguinte:

Con data 25 de xuño de 2009 o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural resolveu adxudicar a Ofigal S.L as obras de remodelación da oficina de cultura do Concello de Vigo por un prezo total de 57.986,92 € IVE incluído.

Na mesma resolución obrígase a empresa a elaborar o plan de seguridade e saúde nas obras, que deberá axustarse ao “ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDAD Y SALUD EN LAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN”, elaborado polos arquitectos municipais con data 15 de xuño de 2009, e ao estipulado na lexislación vixente, sendo preciso nomear un coordinador e supervisor da obra.

Visto o informe anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Nomear a D. Juan Luis Piñeiro Ferradáns, arquitecto municipal da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, para realizar a labor de coordinación e supervisión técnica dos traballos de “remodelación da oficina de Cultura do Concello de Vigo” e para desenvolver o informe do plan de seguridade e saúde na fase de execución de obra

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(980).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á COFRARÍA DO STMO. CRISTO DOS AFRIXIDOS PARA OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE BOUZAS. EXPTE. 76480/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 30.06.09, conformado polo concelleiro da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á Cofraría do Stmo. Cristo dos Afixidos, á ocupación do espazo público en estrada e beirarrúas da Alameda Suarez-Llanos, rúa Pescadores, Eduardo Cabello, rotonda das Áncoras, confluencia da rúa Beiramar, via de acceso ao recinto empresarial e industrial do porto de Bouzas solicitado, coas seguintes condicións:, deberán deixar libre, como límites do recinto, dende a última saída do aparcadoiro de camións anterior á rotonda dos Graniteiros, evitando invadir a devandita rotonda así como o ramal do enlace da V.G. -20 até a ponte en ámbolosdous sentidos de circulación, tanto por atraccións como por peóns ou vehículos indebidamente estacionados ,así mesmo deberán de quedar expeditas a rúa Pescadores e a rotonda das Áncoras, pola grave afección que supón ao tránsito de persoas e vehículos e os riscos e inconvenientes que supón para a seguridade viaria dos usuarios,transporte público, empresas e actividade portuaria no seu contorno.

- No tocante aos peches diarios do tráfico rodado propostos, por entender que nunha ampla zona dos veciños de Bouzas e das diversas actividades empresariais próximas poden quedar incomunicados por terra, os organizadores deberán dispor medidas que garantan calquera posible emerxencia, ademais de contar coa preceptiva autorización dos titulares das vías afectadas non municipais (Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria) nos treitos e horarios previstos.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas, de conformidade co Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2005:

- O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estén expresamente autorizados.
- Tódos os días da celebración prohibirase a circulación de vehículos na ronda litoral no treito comprendido entre a rotonda da confluencia das rúas Eduardo Cabello e Pescadores (coñecida como a das Áncoras) e até a rotonda de acceso á zona portuaria en ámbolos dous sentidos, entre as 19:00 e as 4:00 horas da mañá do seguinte día, agás o domingo 19 en que a hora de comezo da prohibición será ás 16:00 horas.
- O horario permitido de apertura ó público para as atraccións da festa, case-tas, tómbolas e demais negocios relacionados coa ocupación da vía referida será para tódolos días entre as 19:00 e as 3:30 horas do seguinte, agás o domingo 19 en que será de 16:00 a 3.30 horas, coincidindo sempre co horario de peche ó tráfico na zona e nunca antes do comezo deste. Prohíbese expresamente que calquera destes negocios realice a súa actividade fora deste horario.
- Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndoos a disposición da Policía Local para colaborar con estes en todo o relativo á Seguridade Vial.
- Por parte da Policía Local procederase á vixilancia do estrito cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licenza en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.
- Horario máximo autorizado: 3.30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente ordenanza municipal de Ruídos e Vibracións, publicado

no BOP de data 16 de outubro de 2000.

- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.”
- Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halógeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

17(981).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS “EDUARDO CHAO” CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA FESTA VECIÑAL EDUARDO CHAO. EXPTE. 76487/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade, do 26.06.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 09 de xuño de 2009 , pola Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao” , co NIF G 36681708 por un importe de 4000 € para responder dos posibles danos con motivo da celebración da Festa Veciñal “Eduardo Chao” o día 20 de xuño de 2009, por non producirse danos na vía pública.

18(982).- DECLARACIÓN DE ZONA PROTEXIDA NA PRAZA DO BERBÉS, PRAZA DA PEDRA, RÚA TEÓFILO LLORENTE E AS SÚAS INMEDIACIÓNS. EXPTE. 76467/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 7.07.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES DE FEITO:

I.1.- Con rexistro de entrada 23.06.2009 e 29.06.2009, documentos núms. 90093748 e 90097022, a Asociación de Comerciantes e Hosteleiros VIGOVELLO CCA, con CIF G-36.909.232, presentaba escrito denunciando a problemática que ocasiona a práctica do botellón no entorno do Casco Vello,

especialmente na Praza da Pedra e rúa Teófilo Llorente, (ruídos, lixo, rotura de mobiliario urbano e demais molestias á vecindade), solicitando a declaración da zona como “protexida” ao abeiro do establecido no artigo 6 en relación co artigo 5.1 da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo.

I.2.- En data 29.06.2009, Don Javier Álvarez - Blázquez Fernández, veciño afectado polo ruído do ocio nocturno da rúa Teófilo Llorente e das súas inmediacións, presentaba escrito denunciando a penosa situación que sofre dende fai tempo a consecuencia do botellón e asemade, solicita ao Concello a adopción de medidas urxentes para combatir o mesmo. Constan no expediente denuncias varias relativas á problemática do botellón da zona: Don José Ruibal Solla denuncia en datas 20.04.2004, 14.01.2005 e 12.05.2006. Dona Alicia Olivera Paladino en data 13.10.2008.

I.3.- En data 1.07.2009, o Superintendente Xefe da Policía Local informaba que no Berbés, Praza da Pedra e rúa Teófilo Llorente concéntranse regularmente na vía pública gran cantidade de persoas practicando “botellón”, consumo de alcohol e outras bebidas na vía pública, práctica que ocasiona numerosas molestias á veciñanza, tales como ruído, abandono de residuos sólidos urbanos, lixo, etc ...

I.4.- Mediante parte de servizo de 23.05.2009, a Policía Local constata a existencia de botellón na rúa Teófilo Llorente (aproximadamente unhas 120 persoas consumindo alcohol e hachís na vía pública o día 22.05.09), Praza da Pedra (aproximadamente unhas 40 persoas consumindo alcohol na vía pública o día 22.05.09 e 120 persoas o día 23.05.2009) e Praza do Berbés (aproximadamente unhas 70 persoas consumindo alcohol na vía pública o día 22.05.09 e 90 persoas o día 23.05.2009).

I.5.- Con data 29.06.2009 o Enxeñeiro Municipal de Montes informaba con relación aos danos, consecuencia do botellón, que se producen na zona do Berbés, Teófilo Llorente e Praza da Pedra nos seguintes termos:

“Zona Pedra: Danos en plantacións e xardineiras e depósitos de restos nas mesmas.

Zona Teófilo Llorente: Non se observan especiais danos no arborado existente.

Zona Berbés: Importantes depósitos de restos en zona deportiva e o que é máis grave en parque infantil onde se producen roturas de vasos con gran cantidade de restos de cristais que obriga a destinar moitos medios (materiais e humanos) para unha retirada exhaustiva dos residuos.”

I.6.- Con data 03.07.2009 o Xefe do Servizo de Limpeza informaba con relación á problemática, consecuencia do botellón, que se produce na zona do Berbés, Teófilo Llorente e Praza da Pedra nos seguintes termos:

“Dende o servizo de limpeza municipal constátase a existencia de grupos moi numerosos de persoas congregadas en horario nocturno nas zonas da Praza do Berbés, Praza da Pedra e rúa Teófilo Llorente da cidade, principalmente os fins de semana e vésperas de festivos, así como tamén os xoves e os venres. Segundo os informes dos inspectores do servizo, estas persoas reúnen consumindo importantes cantidades de bebidas, o que se denomina como botellón.

Este feito dificulta notablemente a execución dos traballos tanto de recollida de residuos como de limpeza por parte dos operarios da quenda de noite. Dado que non se pode acometer o traballo de limpeza viaria no horario nocturno, é polo que se ten establecido un dispositivo especial para estas zonas nas mañás do día seguinte.

Da análise e caracterización dos residuos depositados nas zonas de botellón, conclúese que o tipo principal de material recollido é o vidro e os envases de plástico, así como bolsas de tipo “film” e papel-cartón en menor medida. A cantidade recollida estímase nunhas catro veces superior a unha recollida ordinaria en día sen botellón.

O traballo de limpeza mediante baldeo tamén se intensifica debido ás deposicións e demais restos que provocan cheiros desagradables.”

II. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución Española de 27.12.1978.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.
- Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre drogas de Galicia.
- Lei orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.
- Lei orgánica 9/1983, de 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.
- Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos.
- Lei 10/2008, de 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 7/1997, de 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica de Galicia e demais disposicións regulamentarias.
- Lei 13/2006, de 27 de decembro, reguladora dos horarios comerciais de Galicia.
- Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións (BOP nº 198, de 16.10.2000).
- Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo aprobada por acordo plenario de 30.03.2009 (BOP nº 75, de 22.04.2009).

III.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

A utilización masiva dos espazos públicos como lugares de diversión xuvenil para o encontro e o ocio, mediante o coñecido “botellón”, constitúe un fenómeno social de moda que, en moitos casos, é fonte de diferente problemática que incide no normal desenvolvemento da convivencia cidadá.

Partindo da consideración, segundo consta na Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio (O.M.C.O), de que estas concentracións de persoas na vía pública son unha expresión do dereito fundamental de reunión establecido no artigo 21 da C.E, débese lembrar a importante S.T.C 42/2000, de 14 de febreiro, onde o Tribunal Constitucional, unha vez máis, manifesta que o dereito de reunión non é un dereito absoluto e ilimitado, senón que de igual xeito que outros dereitos fundamentais, ten límites. Nesta liña, a exposición de motivos da O.M.C.O establece que o dereito de reunión ten o seu límite no respecto doutros dereitos constitucionais como son o dereito á intimidade persoal e familiar (art. 18 C.E), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 C.E), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 C.E), o dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 C.E) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 C.E).

Considerando que a Lei 2/1996, de 8 de maio, sobre drogas de Galicia, non prohibe o consumo de alcohol na vía pública, a O.M.C.O establece un sistema para prohibir a permanencia e concentración das persoas en espazos abertos do termo municipal de Vigo que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades, cando alteren gravemente a pacífica convivencia cidadá.

É un órgano colexiado, tal é a Xunta de Goberno Local, quen determine, con celeridade e motivadamente, ao abeiro do disposto no art. 6 da O.M.C.O, cando as actividades ás que se refire o art. 5.1) da Ordenanza alteran gravemente a convivencia cidadá. Deste xeito considerárase alterada gravemente a convivencia cidadá, cando concorran varias das seguintes CIRCUNSTANCIAS:

- A.- Alto número de persoas concentradas nos espazos abertos. O elevado número de persoas estará en relación coa superficie do espazo e mailo número de vivendas existentes no entorno.
- B.- As concentracións terán carácter continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.
- C.- Existencia de reiteradas queixas cidadás, denunciando as molestias derivadas de ditas concentracións.
- D.- Existencia de actos vandálicos producidos na zona que ocasionasen danos en bens públicos ou privados.
- E.- Informes municipais constatando a contaminación derivada da masiva concentración de persoas (contaminación acústica, problemas hixiénicos-sanitarios ou situacións de insalubridade).

Considerando os fundamentos expostos, e partindo da consideración que non existe normativa autonómica ou estatal que prohiba o consumo de alcohol na vía pública, o Concello de Vigo optou no exercicio da súa potestade regulamentaria pola limitación do dereito fundamental de reunión naqueles supostos onde se constate a vulneración doutros dereitos constitucionais.

IV.- ALTERACIÓN GRAVE DA CONVIVENCIA CIDADÁ NA RÚA TEÓFILO LLORENTE, PRAZA DO BERBÉS, PRAZA DA PEDRA E O SEU ENTORNO.

Durante a tramitación do presente expediente téñense acreditado as seguintes CIRCUNSTANCIAS:

- A.- Que na rúa Teófilo Llorente, Prazas da Pedra e do Berbés e nas súas inmediacións vense producindo desde fai anos unha alta concentración reiterada de persoas, aproximadamente 120, segundo consta no expediente, consumindo bebidas de calquera tipo e realizando outras actividades, alterando gravemente a pacífica convivencia.
- B.- Resulta probado que estas concentracións teñen carácter continuado no tempo.
- C.- Existencia de reiteradas queixas cidadás denunciando as molestias derivadas de ditas concentracións
- D.- Existencia de actos vandálicos producidos na zona ocasionando danos en bens públicos.
- E.- Resulta acreditada a diversa contaminación derivada da masiva concentración de persoas (problemas hixiénicos-sanitarios, situacións de insalubridade e abandono de residuos sólidos urbanos na vía pública).

Polo exposto,

resulta acreditado no presente expediente que na rúa Teófilo Llorente, Prazas da Pedra e do Berbés e nas súas inmediacións vense producindo desde fai anos unha masiva concentración reiterada de persoas que alteran gravemente a pacífica convivencia cidadá, considerada como tal nos termos previstos no artigo 6 da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio.

Co obxecto de garantir os dereitos constitucionais á intimidade persoal e familiar (art. 18 C.E), o dereito á liberdade de circulación (art. 19 C.E), o dereito á salubridade e saúde pública, especialmente dos menores (art. 43 C.E), o dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa (art. 45 C.E) e mailo dereito a una vivenda digna e adecuada, libre de ruídos (art. 47 C.E), o Concello de Vigo establece a prohibición da permanenza e concentración das persoas nos espazos abertos do termo municipal de Vigo, que a continuación se concretan, que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

Decláranse como zonas protexidas as seguintes rúas e prazas:

- Praza da Ribeira do Berbés.*
- Rúa Teófilo Llorente.*
- Praza da Pedra.*

E para evitar a contaminación das súas inmediacións pola súa proximidade:

- Rúa Pescadería.*
- Praza da Igrexa da Colexiata.*
- Praza de Almeida.*
- Rúa Real e as catro baixadas que comunican dita rúa con Teófilo Llorente.*

PROPOSTA DE ACORDO PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 6 en relación co artigo 5.1 da Ordenanza Municipal reguladora da convivencia cidadá e o ocio do termo municipal de Vigo, como zonas protexidas as seguintes rúas e prazas:

- Praza da Ribeira do Berbés*
- Rúa Teófilo Llorente*
- Praza da Pedra*
- Rúa Pescadería*
- Praza da Igrexa da Colexiata*
- Praza de Almeida*
- Rúa Real e as catro baixadas que comunican dita rúa con Teófilo Llorente*

SEGUNDO: Prohibir con carácter xeral, as 24 horas do día e tódolos días da semá, a permanenza e concentración de persoas nestes espazos abertos que se atopen consumindo bebidas de calquera tipo ou realizando outras actividades alterando gravemente a pacífica convivencia cidadá.

TERCEIRO: Sinalizar verticalmente a zona declarada como protexida.

CUARTO: De conformidade co artigo 86 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, someter o expediente nº 76467/210/2009 a información pública por un prazo de 20 días naturais mediante anuncio publicado no BOP e exposición no taboleiro de editos do Excmo. Concello de Vigo, para quen se considere afectado/a dalgún xeito polo presente acordo poida alegar o que considere oportuno. O prazo de información pública entenderase aberto dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP e rematará transcorridos vinte días naturais do mesmo.

O expediente atópase a disposición do público en xeral e pódese consultar na Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade (sita no Sóto 1º da Casa do Concello, Praza do Rei s/n, Vigo).

QUINTO: Declarar que, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional da Xunta de Goberno Local, debéndose publicar no BOP segundo establecido no artigo 59.6.a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entrando en vigor ao día seguinte da devandita publicación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(983).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DE 300 CARPETAS DE POSTAIS DO MUSEO “PAZO E ARTES DECORATIVAS” E 300 CARPETAS DE POSTAIS DE “ARTE GALEGA”. EXPTE. 3619/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 1.07.09, conformado polo concelleiro da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 300 carpetas de postais do museo “Pazo e Artes decorativas” e 300 carpetas de postais de “Arte Galega”, editadas polo museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, a un prezo unitario de venda ó público de TRES (3) EUROS, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio do museo.

20(984).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PRÉSTAMO TEMPORAL Ó CONCELLO DE A GUARDA PARA A EXPOSICIÓN TEMPORAL “ANTONIO FERNÁNDEZ GÓMEZ”. EXPTE. 3600/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 1.07.09, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal ó Concello de A Guarda; para a exposición temporal “Antonio Fernández Gómez”; a celebrar entre o 1 e o 22 de agosto de 2009, ds seguintes obras do autor Antonio Fernández Gómez pertencentes á colección de arte do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”; nº de inv. 99; Retrato, nº de Inv: 491; Leda e o Cisne, nº Inv: 493; Anticoli, Nº Inv. 494; Autorretrato; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

21(985).- SOLICITUDE DE EXCEDENCIA FORZOSA DE D^a. M^a XOSÉ PORTEIRO GARCÍA. EXPTE. 19161/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 8.07.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En escrito de data 03/07/2009 (documento nº 90100383) D^a María Xosé Porteiro García, con DNI 35.996.629-L e nº de persoal 76.562, traballadora municipal suxeita ao réxime laboral, con praza de técnico de Relacións Públicas encadrada no subgrupo A2 de titulación, solicita a declaración de excedencia na súa praza, debido a ter sido designada como Directora do Museo do Ferrocarril de Madrid-Delicias.

A efectos acreditativos, adxunta copia da Resolución do 2 de xullo do 2009, da Dirección Xerencia da Fundación dos Ferrocarrís Españóis, relativa á cobertura do posto de Director do Museo do Ferrocarril de Madrid-Delicias.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Segundo sinala o artigo 92 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, as situacións administrativas do persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas rexeranse polo Estatuto dos Traballadores e polos convenios colectivos que sexan de aplicación. En consecuencia, consonte ao disposto no artigo 46.1 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, a situación de excedencia forzosa prodúcese pola designación ou elección para un cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo, xenerando o dereito á reserva do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia. O reingreso deberá de ser solicitado dentro do mes seguinte ao do cese no cargo público.

II.- Vistos os antecedentes e documentación obrante no expediente, e considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal nos termos do Acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo do 2007, sométese ao criterio decisorio da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Declarar a D^a María Xosé Porteiro García, con DNI 35.996.629-L e n^o de persoal 76.562, traballadora municipal suxeita ao réxime laboral con praza de técnico de relacións públicas encadrada no subgrupo A2, na situación de excedencia forzosa -con efectos económicos e administrativos do presente acordo-, por designación directa e conseguinte nomeamento para o cargo de Directora do Museo do Ferrocarril de Madrid-Delicias, nos termos do establecido na Resolución do 2 de xullo do 2009, da Dirección Xerencia da Fundación dos Ferrocarrís Españóis, e de conformidade cos antecedentes e fundamentos do presente acordo.

SEGUNDO.- Informar á traballadora que, consonte ao establecido no artigo 46.1 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, a situación de excedencia forzosa por desempeño de cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo xenera o dereito á reserva do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, habendo de solicitar o reingreso dentro do mes seguinte ao do cese no cargo público.

TERCEIRO.- Dese traslado do presente acordo á Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) á interesada, á Dirección Xerencia da Fundación dos Ferrocarrís Españóis e servizos afectados.

Contra o presente acordo poderanse interpoñer os recursos recollidos no Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, do Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, previo esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en sede xurisdiccional laboral contemplado no artigo 120 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, sen prexuízo decalquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(986).- DAR CONTA DA RENUNCIA DE D^a. MARÍA BLANCO RODRÍGUEZ, FUNCIONARIA INTERINA CON CARGO Á PRAZA DE TÉCNICO DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 19147/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 2.07.09, que di o seguinte:

Con data 1 de xullo de 2009, D^a. María Blanco Rodríguez, con DNI 36.167.425-V, n^o de persoal 80695, funcionaria interina con cargo a praza vacante de Técnico de Administración Xeral no Servizo de Medio Ambiente, presenta a través do Rexistro Xeral (doc. 90098546), a súa renuncia con efectos do día 1 de xullo de 2008, por ser nomeada funcionaria interina con praza de técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

A interesada foi nomeada funcionaria interina con cargo a praza vacante de técnico de administración xeral por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2008, tomando posesión de dita praza o 3 de xuño seguinte.

De conformidade co previsto no art. 10.3 en relación co art. 63.1 e 64 Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese dos funcionarios interinos producirase pola renuncia á condición de funcionario que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Administración.

Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 5 de xullo do 2007,

R E S O L V O :

Aceptar a renuncia presentada, a través do Rexistro Xeral deste Concello con data 1 de xullo de 2009, por D^a. María Blanco Rodríguez, con DNI 36.167.425-V, nº de persoal 80695, funcionaria interina con cargo a praza vacante de Técnico de Administración Xeral da data da súa solicitude (01-07-2009), de conformidade co previsto no art. 10.3 en relación cos arts. 63.1 e 64 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A presente resolución notifíquese a interesada, Concelleira-delegada de Medio Ambiente, Servizo de Medio Ambiente, , Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Recursos-Negociado de Seguridade Social), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

23(987).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCÍONS A D. JUAN CARLOS ROMÁN CASAS. EXPTE. 19038/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.06.09 e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e formación, do 22.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

En data 11 de maio de 2009 recibese neste Servizo proposta de aboamento de produtividade a Don Juan Carlos Roman Casas, con numero de persoal 8349 e posto de Inspector Administrativo de Tributos pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Inspector Adxunto Tributos correspondente ao periodo comprendido entre o 21 de febreiro ao 22 de maio de 2009.

Con data 13 de xaneiro de 2009 a Xefa de Inspección de Tributos, co conforme da Sra. Concelleira-delegada de Economía e Facenda, remite a este Servizo de Recursos Huamanos, solicitude de encomenda de funcións pola realización das funcións propias de Inspector Actuario a D. Juan Carlos Román Casas.

As necesidades do servizo da Inspección de Tributos para a tramitación dos procedementos de inspección, así como sancionadores correspondentes as infraccións tributarias como consecuencia das actuacións de comprobación e inspección, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal coñecedor das materias, asuntos e expedientes que de cotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcións propias dos funcionarios encadrados no subgrupo

S.ord. do 13.07.09

A2, ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito a Inspección de Tributos, o cal conta con titulación suficiente a tal efecto.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, así como o art. 81.3 que establece que en caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderán proveerse con carácter provisional debendo procederse a súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.

O Concelleiro Delegado de Xestión Municipal en data 11 de febreiro de 2009 resolveu encomendar provisionalmente ao funcionario D. Juan Carlos Román Casas, con nº de persoal 8349, inspector administrativo, adscrito á Inspección de Tributos, funcións de Inspector Adxunto Tributos, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

A encomenda terá validez dende a data do presente decreto ata que se proceda a súa cobertura definitiva ó estar incluída na oferta de emprego público do ano 2008, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Deuse conta da mesma á Xunta de Goberno Local na súa sesión de dat 9 de marzo de 2009

O art. 23 da Ley 30/84 en relación coa disposición final cuarta e derogatoria única da Lei 7/2007 de 12 de abril, e o art. 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desempeña o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén os resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais respecto de eventuais valoracións ou apreciacións para períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

As vixentes instrucións de plantilla recollen no seu punto terceiro b) que, con cargo ao complemento de produtividade retribuírase a actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

O posto 287 "Inspector Adxunto Tributos" descríbese na vixente RPT cun Complemento de Destino 25 (Importe mensual 650,11 €/mes no ano 2009).

Tendo en conta que o funcionario D Juan Carlos Roman Casas non disfrutou de ningún período de vacacións e non tivo ningunha baixa por IT, correspondería aboar a cantidade de 1950.33 €.

Así mesmo relacionanse no informe da Xefa do Servizo, as funcións levadas a cabo polo funcionario dentro da encomenda de funcións realizada, inherentes o posto de traballo de Inspector de Tributos, consistentes; entre outras, na investigación da realización dos feitos impositivos que orixinan o nacemento das obrigacións tributarias, dando lugar a tantos feitos impositivos como períodos impositivos, abrangando unha mesma situación

ou actividade gravada e, conseguintemente, haberá tantas obrigacións tributarias como períodos impositivos, a comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios, para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración, as realizacións de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, de acordo, co establecido nos artigos 93 e 94 da Lei Xeral Tributaria, coa autorización da Xefa do Servizo, para determinala base impositiva, base liquidable, tipo de gravame, cota íntegra, cota liquidable, cota diferencial, bonificacións, exencións obxectivas e subxectivas, xuros de mora, actos preparatorios e actuacións previas os requirimentos para a regularización das situacións tributarias mediante actas e de propostas de resolución do expediente sancionador, consistentes en detectar os suxeitos pasivos, obxectos tributarios, base impositivas e liquidables en conformidade das normas tributarias e ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos e para elo e necesario confeccionar documento de antecedentes onde se leva a cabo a interpretación das normas xurídicas aplicables para determinar o feito impositivo, suxeito pasivo ou obrigado tributario, contribuínte, substituto, sucesores, responsables tributarios solidarios e subsidiarios, obxectos tributarios, localización dos domicilios fiscais, bases tributarias directa e indirecta, métodos para determinalas, débeda tributaria, cota tributaria, etc, incorporar a Base de Datos de contribuíntes consignando todos os precisos para a instrución dos procedementos tributarios; consultar as demais bases de datos existentes no Concello con transcendencia para a comprobación e investigación tributaria que sexa precisa. Modificación dos datos da base a petición expresa dos comparecentes, etc

Polo anteriormente exposto se propoñe a Xunta de Goberno local:

“Recoñecer ao funcionario D Juan Carlos Roan Casas, con numero de persoal 8349 e posto de Inspector Administrativo de Tributos pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de Inspector Adxunto de Tributos do Servizo de Inspección de Tributos polo período comprendido entre o 21 de febreiro ao 22 de maio de 2009, a cantidade de 1950,33 €.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(988).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO 08 E ABRIL 09. EXPTE. 19032/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.07.09 e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 7.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de DECEMBRO-08 e ABRIL-09 con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Decembro	239'00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a J. Antonio Rodríguez Rodríguez	Decembro	794'30
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a José Manuel Martínez González	Decembro	281'00
OSPIO	De José Eugenio Matilde Viñas a Angel Ferro Macho	Decembro	63'00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Decembro	535'00
Alcaldía	De Basilio costas Fernández a Raquel Abalde Comesaña	Decembro	337'30
Bombeiros	M ^a Luz Palmás Calvar	Novembro Decembro	116'00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	Abril 09	2,931'00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Decembro	143'00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Aviión a José Manuel Sousa Atrio	Decembro	185'00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel Vázquez Martínez	Abril 09	68'00
Conserxería	De Francisco Martinez Muñoz a José Angel Fernández Alonso	Decembro	32'50
Policia Local	De Constante Alonso Caride a Juan Guillermo Vivero Mijares	Abril 09	928'00
Policia Local	De Pablo Puime Cutrin	Ano 2003 Ano 2005	41'00

O montante do presente expediente ascende a un total de 74.112'77€ (SETENTA E CATRO MIL CENTO DOCE EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS)”.

25(989).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 29.269,76 € A FAVOR DE LIMPEZAS CIES S.L. POLOS SERVICIOS PRESTADO SON MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 135/551.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 24.06.09, dáse conta do informe-proposta do informe-proposta do vogal do Tribunal Económico-

Administrativo e interventor técnico no Mercado do Progreso, do 11.06.09, conformado polo concelleiro da Área de Industria, turismo, Comercio e Cascos Históricos, que di o seguinte:

FEITOS

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 6 de marzo de 2006 acordou "(...)1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron a situación actual e as medidas oportunas para subsanar-la.(...)3º.- Adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación do expediente informativo previsto no punto 1º, co fin de garantir a prestación do servizo de mercado."

Pola súa banda, en Sesión Ordinaria que tivo lugar o día 10 de abril de 2006, acordou "(...)PRIMEIRO.- Prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado municipal do Progreso.(...) OITAVO.- Proceder a contratar a ampliación da prestación do servizo de limpeza no Mercado do Progreso, ó resultar este na actualidade insuficiente.NOVENO.- Contratar a prestación de servizo de seguridade no mercado, dado que na actualidade non existe é obrigatorio por imposición do artigo 3 do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais(...)"

Por último, en data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno acordou:

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 25.06.09, dáse conta do informe-proposta do informe-proposta do vogal do Tribunal Económico-Administrativo e interventor técnico no Mercado do Progreso, do 9.06.09, conformado polo concelleiro da Área de Industria, turismo, Comercio e Cascos Históricos, que di o seguinte:

FEITOS

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 6 de marzo de 2006 acordou “(...)1º.- Incoar expediente informativo á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo como concesionaria do servizo público para a xestión e explotación do Mercado municipal do Progreso, ó obxecto de fiscalización da xestión e funcionamento do devandito servizo, e para poder determinar as causas que motivaron a situación actual e as medidas oportunas para subsanar-la.(...)3º.- Adoptar a medida cautelar excepcional de asumir a execución directa do servizo do Mercado municipal do Progreso ata a substanciación do expediente informativo previsto no punto 1º, co fin de garantir a prestación do servizo de mercado.”

Pola súa banda, en Sesión Ordinaria que tivo lugar o día 10 de abril de 2006, acordou “(...)PRIMEIRO.- Prorrogar a medida excepcional de execución directa municipal do servizo do Mercado municipal do Progreso.(...) OITAVO.- Proceder a contratar a ampliación da prestación do servizo de limpeza no Mercado do Progreso, ó resultar este na actualidade insuficiente.NOVENO.- Contratar a prestación de servizo de seguridade no mercado, dado que na actualidade non existe é obrigatorio por imposición do artigo 3 do Texto Refundido do Regulamento Municipal dos Mercados Municipais(...)”

Por último, en data 6 de novembro de 2006, a Xunta de Goberno acordou:

“1º.- Acordar o secuestro da concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo e formalizada en documento administrativo en agosto de 2004.

2º.- O secuestro acordase ata que a resolución da concesión proposta no nº 4 do presente acordo adquiera firmeza en vía administrativa, sin que poida exceder en ningún caso do prazo regulamentario de dous anos.

3º.- Nomear interventor técnico do Mercado do Progreso, en tanto dure o secuestro do mesmo, o vocal do Tribunal Económico Administrativo D. Miguel A. Pola Tombo.

4º.- Resolver o contrato de concesión administrativa de xestión e explotación do Mercado do Progreso, outorgada por acordo plenario de 31 de marzo de 2003, á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo, por incumprimento culpábel do concesionario, previo trámite de audiencia ó mesmo, por prazo de 10 días para que manifieste o que o seu dereito conveña.

5º.- No caso de que no prazo concedido para alegacións á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado do Progreso de Vigo non formule oposición, a presente proposta de resolución adquirirá firmeza. En caso contrario, previa contestación ás alegacións plantexadas, solicitarase informe ó Consello Consultivo de Galicia.

6º.- Proceder a incautación da garantía constituída pola Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo, mediante aval bancario prestado pola entidade Caixanova, en data 3 de xuño de 2003, por un importe de 3. 005, 00 €, previo trámite de audiencia a entidade avalista.

7º.- Proceder a liquidación da concesión, así como a determinación dos danos e perdas causados ó Excmo. Concello de Vigo por mor da modificación do obxecto da concesión e a conseguinte explotación do servizo de aparcadoiro.

8º.- Unha vez resolta a concesión, proceder ó outorgamento de autorizacións ós titulares dos postos de venda no Mercado do Progreso para garantir a continuidade na prestación do servizo de mercado, así como proceder a contratación dos servizos necesarios para o bo funcionamento do mercado, impostos no Prego de condicións que rexe a concesión da xestión e explotación dos mercados municipais”.

SEGUNDO.- Constatada a necesidade da prestación dos servizos imprescindibles para a execución dos citados acordos, e tendo en conta a temporalidade previsible da Intervención municipal, non se considerou procedente a contratación dos servizos, toda vez que podería dar lugar a reponsabilidades fronte ós adxudicatarios de ser adxudicada a xestión do Mercado con anterioridade ó vencimento dos contratos.

Subsanada parcialmente a situación relatada a data de hoxe tralo convenio asinado coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso e a inclusión nos orzamentos de 2009 de contía axeitada e suficiente na partida 6220.227.06.11 “Gastos funcionamento Mercado Progreso”, o Concello de Vigo está en disposición de facer fronte ás obrigas de pago contraídas coa interesada polos servizos de mantemento extintores en relación coas facturas por ela remitidas e que se relacionan a continuación:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
134/551	v	ATL SIST A/667	11/05/2009	492,70 €	78,83 €	571,53 €

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- As actuacións levadas a cabo polo Concello, en relación coas facturas de referencia, comprometeron, no seu día, un gasto corrente de carácter voluntario con irregularidades procedimentais que non implican falta de credito adecuado e suficiente, nin ausencia total do procedemento, polo que non determinan a súa nulidade absoluta senón a súa anulabilidade (artigo 63. TRLCAP e 63 LRXAP).

SEGUNDO.- Non obstante a devandita anulabilidade das actuacións municipais, as prestacións a favor deste Concello, cuxo pago se reclama, foron realizadas a satisfacción deste, polo que, existindo crédito adecuado e suficiente para o gasto e tratándose dunha actuación meramente anulable,

procedería a convalidación das ditas actuacións e o pago dunha indemnización substitutiva a favor do interesado a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta Administración municipal, de conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio, segundo a cal "(...) as débedas nadas fora do presuposto serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente e pola Xunta de goberno Local nos demais casos (...)".

TERCEIRO.- No orzamento corrente, na partida 6220.227.06.11 "Gastos funcionamento Mercado Progreso", existe crédito suficiente para facer fronte a convalidación de gasto que se propón e polo asinante se considera que non existe impedimento nin limitación á imputación deste gasto ó orzamento corrente en relación coas restantes necesidades de gasto que deben imputarse á partida en cuestión durante o ano en curso.

Existindo crédito orzamentario no orzamento corrente para facer fronte á indemnización substitutiva proposta, é competente para a súa aprobación a Xunta de Goberno Local, previa remisión á Intervención Municipal ós efectos oportunos

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL (C.I.-F.B36959799), na contía de 571,53 €, correspondentes ós servizos prestados de mantemento extintores no Mercado do Progreso en relación coas facturas que se citan.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2008, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL (C.I.F. B36959799), polo importe de 571,53 €, correspondentes ás facturas seguintes:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
134/551	v	ATL SIST A/667	11/05/2009	492,70 €	78,83 €	571,53 €

3º.- Ordenar o pago a favor de ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS SL (C.I.F. B36959799) polo devandito importe de 571,53 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 6220.227.06.11 "Gastos funcionamento Mercado Progreso" do orzamento vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

33(996).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO A FAVOR DA ENTIDADE “CONSTRUCCIONES ALDASA S.L.U.” EXPTE. 8689/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.07.09, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD e coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, do 9.07.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

34(997).- SOLICITUDE DE CESIÓN AO MINISTERIO DE FOMENTO DO VIAL ENTRE O CÑO. ARIEIRO E A ESTRADA VELLA DE MADRID-AMPLIACIÓN DE INFORME. EXPTE. 58/403.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

En sesión do 22.06.09 a Xunta de Goberno local adoptou acordo sobre “solicitud de cesión ao Ministerio de Fomento do Vial entre o cño. Arieiro e a Estrada Vella de Madrid”, tal e como se transcribe:

“41.- SOLICITUDE DE CESIÓN AO MINISTERIO DE FOMENTO DO VIAL ENTRE O CÑO. ARIEIRO E A ESTRADA VELLA DE MADRID. EXPTE. 58/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 11.06.09, conformado polo director director de Servizos técnicos, que di o seguinte:

O día 05.06.2009 o director adxunto dos servizos técnicos emitiu o seguinte informe:

“Con el objeto de proseguir en la tarea de normalizar el entramado municipal de la red vial, actuando sobre puntos o tramos de discontinuidad al incidir la misma en viales cuya titularidad compete a otra Administración, se plantea en este momento la oportunidad de actuar sobre las dos márgenes de la actual A-55 (Autovía Vigo-Tuy), a la altura del P.K. 6 + 280.

Se trata en concreto de dar continuidad competencial, a la denominada Carretera Vella de Madrid hacia el camino Arieiro o acceso a la Residencia Sanitaria del Meixueiro.

La Carretera Vella de Madrid, cuyo mantenimiento y explotación corresponde al Concello de Vigo, en virtud del desarrollo del Convenio suscrito con la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda en el año 2000, y con independencia de las reclamaciones que ante la misma se mantienen tras las obras concluidas en Diciembre de 2004, se interrumpe en una glorieta que enlaza con vías de servicio de la citada A – 55, competencia del Ministerio de Fomento.

Esas vías de servicio conectan las dos márgenes de la autovía mediante un paso superior, el situado en el P.K. 6 + 280, donde incide el camino Arieiro o acceso a la Residencia Sanitaria del Meixueiro (ver plano adjunto).

El reciente desarrollo del Plan Parcial Gandariña 2 – B, a propiciado que a esa vía de servicio, desemboque el viario interior del mismo, el cual será de titularidad municipal.

La compleja situación de titularidades que se ha generado aconseja, tras las conversaciones mantenidas entre representantes municipales y de la Demarcaciones de Carreteras del Estado en Galicia (Unidad de Carreteras en Pontevedra), que el Concello de Vigo solicite al Ministerio de Fomento a través de aquella, la cesión del tramo señalado en el plano adjunto al amparo del artr., 40.2 de la Ley 25/1988, de 29 de Julio de Carreteras, al darse las condiciones señaladas en el Art., 127 del Real Decreto 1812/1994, de 2 de Septiembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Carreteras.

El tramo cuya cesión se solicita es mayoritariamente utilizado por tráfico urbano, acceso a la mencionada instalación sanitaria, residencias geriátricas situadas en sus inmediaciones, así como centros de educación, y en un futuro inmediato al polígono comercial que se desarrolla, y no interrumpe la continuidad en la Red de Carreteras del Estado”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Tranferencia ao Concello de Vigo do tramo situado no P.K. 6 + 280 da A – 55 titularidade do Ministerio de Fomento.- De acordo co disposto no artigo 40.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas: “Las carreteras estatales o tramos determinados de ellas se entregarán a los Ayuntamientos respectivos en el momento en que adquieran la condición de vías urbanas. El expediente se promoverá a instancia del Ayuntamiento o del Ministerio de Fomento, y será resuelto por el Consejo de Ministros. Excepcionalmente podrá resolverlo el titular del citado departamento cuando existiere acuerdo entre el órgano cedente y el cesionario”.

Segundo a orde de 23.07.2001, pola que se regula a entrega aos Concellos de tramos urbanos da Rede de Estradas do Estado, os Concellos poderán solicitar a tranferencia da titularidade dun tramo de estrada que adquirira a condición de urbana, de acordo co establecido polo artigo 40.2 Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, e o artigo 127 do Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas. Na nomeada solicitude deberá constar o nome e o cargo da persoa facultada para firma da acta de entrega.

O artigo 127 apartado 2 do que Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas dispón que “a los efectos de este artículo, se considera que una carretera estatal o un tramo determinado de ella adquieren la condición de vía urbana si se cumplen las dos siguientes condiciones:

- a . Que el tráfico de la carretera sea mayoritariamente urbano.*
- b . Que exista alternativa viaria que mantenga la continuidad de la Red de Carreteras del Estado, proporcionando un mejor nivel de servicio”.*

No informe de data 05.06.2009 do director adxunto dos servizos técnicos xustifícase a conserencia dos presupostos esixidos na devandita norma legal para que proceda a tranferencia do tramo sinalado, ao darse as condicións sinaladas no artigo 127 do Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro. Neste senso, informa que:

“El tramo cuya cesión se solicita es mayoritariamente utilizado por tráfico urbano, acceso a la mencionada instalación sanitaria, residencias geriátricas situadas en sus inmediaciones,

así como centros de educación, y en un futuro inmediato al polígono comercial que se desarrolla, y no interrumpe la continuidad en la Red de Carreteras del Estado”.

II.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Consonte o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local na súa relación coa disposición adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a competencia se exercerá pola Xunta de Goberno Local.

Por todo o anterior, se formula a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

PRIMEIRO.- Solicitar ao Ministerio de Fomento a transferencia en favor do Concello de Vigo, do tramo da A – 55 situado no P.K. 6 + 280, segundo se reflicte no informe do director adxunto dos servizos técnicos de data 05.06.2009.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a firma da acta de entrega e dos documentos necesarios ao efecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

Con data 10.07.09 o director adxunto dos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite a seguinte ampliación ao informe de data 5.06.09, contido no precedente acordo, que di:

“Como ampliación al informe del 5 de Junio de 2009, en el mismo no señale que de acuerdo con las conversaciones mantenidas con Técnicos del Ministerio de Fomento para esta cesión de viales, la misma se solicita sin costes para dicha Administración.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba dita ampliación de informe.

35(998).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN SOCIEDADE DE FESTAS VIRXE DO CARME PARA A OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA A CELEBRACIÓN DE DITAS FESTAS OS DÍAS 16, 17 E 18 DE XULLO NO VAO. EXPTE. 76543/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Seguridade, do 9.07.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN SOCIEDADE DE FESTAS VIRXE DO CARME , á ocupación do espazo público solicitado diante da Ermida do Vao sen ocupar en ningún caso a vía pública e desestimar a solicitude para ocupar un espazo de 1200 metros cadrados doutro lado da vía , co gallo da celebración das FESTAS DA VIRXE DO CARME , os días 16,17 e 18

de xullo do ano que andamos no torreiro do Vao , na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo: delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ao branco e outras similares.

Axustaranse, así mesmo, ás seguintes normas:

- Horario máximo autorizado:3:30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Límite transmisión ruidos: Non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.

36(999).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS-DÚAS OFICIAIS PAVIMENTADORES E CATRO OPERARIOS-PEÓNS, POR TRES MESES. EXPTE. 19154/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.07.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 8.07.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegada da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais pavimentadores/as e catro operarios-peóns, por un período de tres meses, prorrogables por outros tres, dentro dun máximo de seis meses, ao abei-

ro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, nos termos das solicitudes da Xefatura da Área de Servizos Xerais de datas 3 de decembro de 2008 e 26 de xuño de 2009 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 32.319,94€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00 *-outras modalidades contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

Segundo.- Autorizar a contratación de D. Oscar Sánchez Blanco, DNI 36.128.873-J, D. Nicolás Isidro Montiel Moragón, DNI 01.095.224-X, D. Daniel Alonso Comesaña, DNI 53.183.930-H e D. Angel Vázquez González, DNI 35.553.301-Q, como operarios-peóns por un periodo de tres meses, prorrogables por outros tres mais, dentro dun máximo de seis meses (16 de xullo ó 15 de outubro de 2009) para a realización de tarefas de operario de pavimentación de viais e camiños desta cidade, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de postos de Operario-peón, autorizadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 14 de maio de 2009, de conformidade coas bases da mesma e o disposto no art. 3.3º da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 158, operario-peón, sendo adscritos ó Servizo de Vías e Obras (cód. 442).

Terceiro.- Ordenar a urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade, da oferta pública de dous postos de oficial pavimentador, establecéndose como requisitos para a presentación o estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, Formación Profesional de 1º grao ou equivalente e contar con coñecementos e experiencia acreditados en labours de pavimentación de viais.

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal (www.vigo.org.)

O prazo de presentación de instancias de participación será de 3 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local, e a lista de admitidos e excluídos, xunto coas causas motivadoras da exclusión e a data, lugar e hora de realización dos exercicios, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e nos lugares onde se realicen as ditas probas, cando estas non se desenvolvan na Casa do Concello.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar xuntamente coa súa instancia de participación.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Estar en posesión da titulación que se fixe no apartado terceiro das presentes bases ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

Os/as aspirantes con discapacidade deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Ad-

ministración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

Cuarto.- Ordenar a constitución dunha comisión de valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación de dous/dúas candidatos/as para o posto de oficial pavimentador, co obxecto de formalizala contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas como oficial pavimentador/a.

O órgano de selección terá carácter colexiado e estará composto por cinco membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto, e estará composta polo Xefe do Servizo de Vías e Obras que actuará como Presidente-, un Enxeñeiro-técnico industrial adscrito ao Servizo de Vías e Obras, dous funcionarios de carreira do Concello de Vigo ou dos seus Organismos Autónomos, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, todos eles con titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto de traballo ofertado, que deberán comparecer a título individual, xunto cun técnico de administración xeral que actuará como Secretario/a.

Simultaneamente cos titulares designaranse aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O Secretario/a intervirá con voz e sen voto con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio a Comisión de Valoración e baixo as instrucións directas da mesma.

Os membros do órgano de selección, que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

A tales efectos, o proceso de selección para o posto de oficial pavimentador, constará dunha proba teórico-práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo.

Todas as probas avaliaranse de cero a dez puntos, tendo estas carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A Comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

Quinto.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia, tras a finalización do proceso de selección, se proceda á formalización dos contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, dós/dás candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as por un periodo de tres meses, prorrogables por outros tres mais mais, ata completar un máximo de seis meses, para a realización de tarefas de pavimentación de camiños e vias desta cidade, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 243-Oficial pavimentador/a, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009, sendo adscritos o Servizo de Vías e Obras, Cód. 442.

Os/as candidatos/as propostos/as deberán aportar no Servizo de RR.HH. deste Concello os orixinais da titulación esixida (Graduado en Educación Secundaria, Graduado Escolar, FP-1 ou equivalente), Documento Nacional de Identidade, tarxeta sanitaria, vida laboral actualizada e certificado médico ao que se refire o apartado b) da base 3ª.

Sexto.- Será de aplicación o disposto no artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006)”.
.”

Sétimo.- A xonada laboral dos traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-, coa excepción do periodo comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Oitavo.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

Noveno.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

37(1000).- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/HA MÉDICO/A, DUN/HA DIPLOMADO/A EN ENFERMERÍA E DUN/HA AUXILIAR DE LABORATORIO, PARA CEDRO. EXPTE. 19146/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.07.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 30.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegada da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas dun/ha médico/a, dun/ha diplomado/a en enfermería e dun/ha auxiliar de laboratorio, para cubrir os periodos vacacionais dos titulares dos referidos postos de traballo, dentro dun máximo de seis meses, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e, en consecuencia autoriza-lo gasto por importe de 9.539,54€ con cargo a partida orzamentaria 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte as referidas contratacións.

Segundo.- Ordenar a urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade, da oferta pública dun/ha médico/a, dun/ha diplomado/a en enfermería e dun/ha auxiliar de laboratorio, establecéndose os seguintes REQUISITOS:

Posto de Traballo: Médico/a

Titulación esixida: Licenciado/a en medicina.

Duración do contrato: 21 días (16/07/09 ó 31/07/09, e do 17/08/09 ó 21/08/09).

Valorarase ó curriculum e a experiencia con drogodependentes.

Posto de Traballo: Enfermeiro/a

Titulación esixida: Diplomado/a en enfermería

Duración do contrato: 36 días (15/07/09 ó 19/08/09).

Valorarase ó curriculum e a experiencia con drogodependentes.

Posto de Traballo: Auxiliar de Enfermería ou Clínica, de unidades especiais e de Saúde Mental.

Titulación: Os/as interesados/as deberán estar en posesión das titulacións dos ciclos formativos de grao medio de técnicos en coidados auxiliares de enfermería, téndose en conta o disposto sobre equivalencias e vixencias das titulacións contempladas na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación.

Duración do contrato: 53 días (15/07/09 ó 19/08/08 e 01/12/09 ó 17/12/09).

Valorarase experiencia con drogodependentes, en unidades especiais e de saúde mental.

O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal (www.vigo.org.)

O prazo de presentación de instancias de participación será de 3 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local, a data, lugar e hora da realización da entrevista e/ou exercicios que se acorden, e a lista de admitidos e excluídos xunto coas causas motivadoras da exclusión, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de dous días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma na prensa local.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán acreditar xuntamente coa súa instancia de participación, que virá acompañada do correspondente curriculum-vitae e dunha vida laboral actualizada onde se acredite a experiencia profesional con drogodependentes.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co

posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

e) Estar en posesión da titulación que se fixe no apartado terceiro das presentes bases ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de superalo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.

Os/as aspirantes con discapacidade deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

Terceiro.- Ordenar a constitución dunha comisión de valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación de dun/ha candidato/a para o posto de médico/a, dun/ha candidato/a para o posto de diplomado/a en enfermería e dun/ha candidato/a para o posto de auxiliar de laboratorio, co obxecto de formalizar a contratación laboral-temporal por acumula-

ción de tarefas como médico/a, diplomado/a en enfermería e auxiliar de laboratorio, respectivamente.

O órgano de selección terá carácter colexiado e estará composto por cinco membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto, e estará composta polo Xefe da Área de Benestar Social que actuará como Presidente-, o Director de CEDRO, dous funcionarios do Concello de Vigo ou dos seus Organismo Autónomos, propostos polo Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, que deberán comparecer a título individual e, un/ha técnico/a de administración xeral que actuará como secretario/a.

Simultaneamente cos titulares designaranse aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento

Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O Secretario/a, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio a Comisión de Valoración e baixo as instrucións directas da mesma.

Os membros do órgano de selección, que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

A referida Comisión de Valoración, unha vez realizada a entrevista ós /as aspirantes admitidos e tra-lo examen do curriculum, propondrá un candidato/a para cada un dos postos ofertados, co obxecto de formaliza-la súa contratación, podendo esixirse a realización dunha proba oral ou escrita de carácter práctico, sobre o contido das tarefas propias do posto de traballo.

A Comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados/as por orde de puntuación.

Cuarto.- Que finalizado o proceso de selección, pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos contratos laborais temporais por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, dós/dás candidatos/as propostos pola citada Comisión, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos ós que substitúen, Cód. 41-Director de CEDRO, Cód. 85-Técnico Medio en Enfermería e, cód. 141-Auxiliar de Laboratorio, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009.

Quinto.- Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, modificadorio do artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores/as, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006).

Sexto.- A xornada laboral dos/das traballadores/as contratados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,45 a 15,00 horas-, coa excepción do período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro, no que a xornada será de 07,45 a 14,00 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais, nos termos dos criterios aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de marzo de 2008 (BOP de 11 de abril de 2008), normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente.

Oitavo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos

artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

38(1001).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás ----- . Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.